



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E O CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTO FLUVIAL-ELÉCTRICO NA RIBEIRA SACRA PARA CONCORRER AO Programa MOVES **Proyectos Singulares II e A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Paula María Uría Traba, en nome e representación do Instituto Enerxético de Galicia, con domicilio na rúa Avelino Pousa Antelo, nº5 (15703 Santiago de Compostela) e na súa calidade de directora, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 191/2020, do 20 de novembro, facendo uso das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da axencia Inega (DOG núm. 60, do 27 de marzo).

Doutra parte, Luís Fernández Guitián, presidente do Consorcio Turismo Ribeira Sacra, actuando en nome e representación deste, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 12 dos estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra, publicados no Diario Oficial de Galicia, pola Orde do 8 de xuño de 2005.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Inega é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo. Entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".





Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

Segundo.- O Consorcio Turismo Ribeira Sacra está conformado polos concellos de Portomarín, Taboada, Chantada, Carballedo, O Saviñao, Pantón, Sober, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Ribas de Sil, Quiroga, Paradela, Bóveda todos eles da provincia de Lugo, e os concellos da Peroxa, Nogueira de Ramuín, Parada do Sil, A Teixeira, Castro Caldelas, Montederramo, Xunqueira de Espadañedo e Esgos, todos eles da provincia de Ourense, o Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra e a Asociación Ribeira Sacra Rural

Entre os seus obxectivos está:

- Realizar os estudos necesarios para o correcto desenvolvemento dun turismo respectuoso co contorno económico, cultural e natural da Ribeira Sacra, propoñendo cantas normativas de uso e xestión do patrimonio natural e cultural sexan convenientes e que apoiem as dinámicas de desenvolvemento baseadas na sustentabilidade do territorio.
- Obras, xestión e execución de plans, programas ou proxectos de interese público e común para as entidades consorciadas, así como a obtención, xestión e investimento dos correspondentes fondos, en materia de políticas de desenvolvemento rexional, social, agrícola, ambiental, no marco de iniciativas europeas, nacionais, autonómicas ou locais, e doutros entes, institucións ou entidades, públicas ou privadas.

Terceiro.- Que o presente convenio implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto e concorrencia de razóns de interese público, social, económico e medioambiental como son a desenvolver a estratexia para a transformación ou substitución das embarcacións existentes na Ribeira Sacra e o seu paso a motores eléctricos, o planeamento das actuacións necesarias para a creación da infraestruturas que precisa este tipo de embarcacións e a adquisición dun vehículo híbrido enchufable, razóns polas cales ambas institucións consideran conveniente asinar este convenio.

En virtude do exposto e co obxecto de fixar as condicións que rexerán tal colaboración, as partes conveñen celebrar este convenio conforme coas seguintes





CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Consorcio Turismo Ribeira Sacra:

- a) Co obxectivo de desenvolver a estratexia para a transformación ou substitución das embarcacións existentes na Ribeira Sacra para o seu paso a motores eléctricos, e o planeamento das actuacións necesarias para a creación da infraestrutura que precisa este tipo de embarcacións, para concorrer á convocatoria que recolle a "*Orden TED/800/2021, de 23 de julio, por la que se aprueban las bases reguladoras del Programa de incentivos a proyectos singulares en movilidad eléctrica (Programa MOVES Proyectos Singulares II)*" Proponse para o proxecto a denominación seguinte: Fluvial-Eléctrico na Ribeira Sacra.

Ten por obxecto elaborar a proposta inicial dun proxecto viable para a súa presentación ao "Plan MOVES Proyectos Singulares II promovido polo Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. As bases da convocatoria recóllense na Orden TED/800/2021, de 23 de julio, por la que se aprueban las bases reguladoras del Programa de incentivos a proyectos singulares en movilidad eléctrica (Programa MOVES Proyectos Singulares II)".

Os aspectos máis relevantes nesta fase inicial son os seguintes:

- ✓ Son elixibles os proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e experiencias innovadoras en mobilidade eléctrica que sirvan para promover o salto tecnolóxico cara ao vehículo eléctrico e de pila de combustible. En concreto, a presente proposta acae nos contidos do anexo I das bases da convocatoria.
- ✓ O prazo de presentación de solicitudes é de dous meses a partires do día seguinte á publicación do extracto da resolución da convocatoria no BOE. É dicir, o prazo remata o día 25 de novembro de 2021.

- b) A adquisición dun vehículo híbrido enchufable, para que a infraestrutura de mobilidade eléctrica desenvolvida no ámbito fluvial se vexa ampliada as actividades terrestres desenvolvidas pola entidade.

De acordo co contido das bases do *Programa MOVES Proyectos Singulares II* e tendo en conta especialmente os criterios establecidos no anexo III das mesmas, o contido do proxecto obxecto do presente convenio será o que segue:

1. Inventario e análise de características do transporte fluvial no espazo territorial da Ribeira Sacra





- ✓ Recopilación de datos significativos: características das embarcacións, capacidades, prognose de utilización.
 - ✓ Alternativas de transporte que podan ser suprimidas coa implantación de vehículos acuáticos eléctricos: posibilidades de nova implantación.
2. Análise de alternativas posibles para a transformación das embarcacións.
 3. Necesidades de infraestrutura para as alternativas formuladas.
 4. Proposta de actuacións.
 - ✓ Aplicación das alternativas de deseño a cada caso do inventario ou futuro.
 - ✓ Descricións das actuacións necesarias para proveer das infraestruturas analizadas.
 - ✓ Estratexia de aplicacións futuras: escalabilidade e replicabilidade
 5. Planificación de actuacións
 6. Análise de resultados: cuantificación do aforro de enerxía final e redución de emisións CO2
 7. Viabilidade técnico-económica e financeira

SEGUNDA. FINANCIACIÓN

Para o desenvolvemento do obxecto do presente Convenio, o Inega achegará a cantidade de corenta e un mil seiscientos dezaseis euros (41.616,00 €) I.V.E. engadido, equivalente ao 100 % do custe subvencionable, con cargo a aplicación orzamentaria 06.A3.733A.760.4 do seu orzamento de gastos para o ano 2021, segundo o cadro seguinte:

INVESTIMENTOS SUBVENCIONABLES			
OBXECTO	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL
ELABORACIÓN PROXECTO FLUVIAL-ELÉCTRICO NA RIBEIRA SACRA PARA CONCORRER AO Programa MOVES Proyectos Singulares II	9.600,00 €	2.016,00 €	11.616,00 €
ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO HÍBRIDO ENCHUFABLE	24.793,38 €	5.206,62	30.000,00 €
TOTAL	34.393,38 €	7.222,62 €	41.616,00 €

TERCEIRA. GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, responda á natureza da actividade subvencionada. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.





O importe correspondente ó IVE so poderá ser imputado ó convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada pola entidade, o cal deberá ser acreditado por esta mediante declaración responsable coa xustificación do convenio.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA

1. Promover a realización do proxecto previsto na cláusula primeira deste pacto.
2. Supervisar a elaboración do proxecto obxecto deste convenio, a cuxo efecto designarán aos/ás técnicos/as que se estime necesario.
3. Asumir os compromisos financeiros previstos na cláusula anterior respecto de eventuais modificacións dos contratos e encargarse, de ser o caso, de buscar outras formas de financiamento necesarias para o desenvolvemento da actividade obxecto do convenio..
4. Levar a cabo a tramitación do expediente de contratación do contrato de servizos previsto e o seguimento da súa execución.
5. Presentar a documentación xustificativa da execución e gastos nos termos especificados na cláusula sexta.
6. Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
7. Comunicar ao Inega, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio. Así mesmo, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, de ser o caso que as actuacións se financiaran ademais de coa subvención derivada deste convenio, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.
8. Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
9. Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.
10. A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou





recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais

QUINTA. COMPROMISOS DO INEGA

O Inega, asume os seguintes compromisos:

1. Participar no financiamento das actuacións, , cunha achega máxima corenta e un mil seiscientos dezaseis euros (41.616,00 €), equivalente ao 100% do investimento previsto, con cargo á aplicación orzamentaria 06.A3.733A.760.4, a executar no exercicio 2021.

O Inega limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir na execución, limitándose a súa contribución máxima aos límites pactados no presente convenio.

A achega do Inega reducirase, de ser o caso, no importe equivalente á contía da baixa de licitación do contrato polo que, unha vez realizada a adxudicación por parte do consorcio, deberá notificala ao instituto no prazo máximo de 10 días hábiles. Tras isto, levarase a cabo a redución da disposición de crédito inicialmente efectuada en virtude do convenio na referida contía. En todo caso, o financiamento de eventuais modificacións dos contratos correrá a cargo do consorcio,

Os pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto do convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica do Inega diminuírase proporcionalmente.

Só se considerará gasto financiable ou realizado, considerándose desta natureza cando tivera sido contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente con límite a respectiva data de finalización de presentación da documentación xustificativa establecida na cláusula sexta, e sen prexuízo da posterior acreditación documental da súa efectividade.

Esta achega declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaria destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente. Así mesmo, O consorcio beneficiario poderá subcontratar, ata o 100% do investimento obxecto da axuda.

SESTA. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo para a presentación da correspondente conta xustificativa remata o 30 de decembro de 2021.





2.- A achega feita polo Inega traspasarase ao Consorcio en dous pagamentos a realizar do seguinte xeito:

- a) Unha primeira achega correspondente ao 50% da subvención concedida para a adquisición do vehículo, que se efectuará unha vez asinado o convenio e constituída a garantía, mediante resolución motivada.
- b) Unha segunda achega correspondente ao 50% da subvención concedida para a adquisición do vehículo e o 100% da subvención concedida para elaboración do proxecto fluvial-eléctrico na Ribeira Sacra para Concorrer ao Programa MOVES Projectos Singulares, previa presentación da conta xustificativa correspondente.

3. O Consorcio, ao estar previsto un pago anticipado, ven obrigado a constituír garantía nos termos e condicións previstos nos artigos 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A presentación da garantía realizarase ante o órgano concédente no prazo de 15 días naturais contados desde a data de sinatura do convenio.

Concretamente, a xustificación da subvención por parte do beneficiario, realizarase mediante a achega ante o Inega, a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia, ó remate dos traballos, da seguinte documentación:

a) Certificación expedida pola Intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da entidade, co visto e prace do presidente/a, relativa á aprobación desta polo órgano competente, na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º.- Toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade da subvención.

2º.- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número/s de factura/s ou documento/s equivalente/s, importe/s, data/s de emisión e data/s de recoñecemento da/s obriga/s polo órgano competente.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación á que se fai referencia na certificación expedida pola secretaría.

c) Declaración do conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. De ser o caso, deberá achegarse copia simple da resolución de concesión desas axudas.





d) Certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

e) Tendo en conta que a entidade beneficiaria ten a consideración de Administración pública para os efectos da Lei 9/2017 de contratos do sector público, deberán tramitar os procedementos de contratación nos termos previstos na dita lei.

f) Unha copia completa, preferiblemente escaneada, ou ben en soporte papel nos casos en que non sexa posible a presentación electrónica da documentación integrante do expediente de contratación, sen prexuízo das comprobacións que puideran efectuarse sobre a documentación orixinal, que poderá ser requirida para os efectos de posteriores controis.

4.- O Inega levará a cabo a comprobación da execución dos investimentos que se realicen, incluíndo no expediente un certificado acreditativo da verificación realizada, no que se detallarán expresamente os principais requisitos esixidos e o alcance das comprobacións practicadas, debendo proceder a asignar os medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.

5.- O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, re relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do co convenio.

SÉTIMA. REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para O Consorcio Turismo Ribeira Sacra.

En caso de disolución do consorcio, ou calquera outra circunstancia que conleve a desaparición do obxecto para o que foi adquirido o vehículo, o consorcio deberá reverter o patrimonio do Instituto Enerxético de Galicia o vehículo obxecto da subvención.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Ao obxecto de verificar o correcto desenvolvemento do presente convenio, constituirase, de común acordo entre as partes, unha comisión de seguimento e control formada por un representante de cada unha das partes asinantes que terá como misión:

- Velar pola correcta aplicación e desenvolvemento do convenio.
- Informar e presentar propostas sobre a marcha das actuacións proxectadas.





NOVENA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia establecido sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo.
- O mutuo acordo entre as partes.
- A imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento non imputable a ningunha das partes asinantes.
- A denuncia motivada de calquera das partes formulada cunha antelación de quince días; neste caso, a parte que materialice a denuncia unilateral do convenio asumirá os custes que desta se desprendan en relación cos traballos xa executados e as indemnizacións que se poidan deducir dos expedientes de contratación tramitados.
- A denuncia motivada dunha das partes por incumprimento total ou parcial pola outra parte das obrigas asumidas en virtude deste convenio.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes están obrigadas a cumprir coas normas sobre a protección de datos de carácter persoal, en concreto, co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/45/CE.

Os asinantes manifiestan o seu consentimento ou autorización para que os seus datos persoais que constan no presente convenio e mailo resto das especificacións contidas no mesmo, podan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

DÉCIMO PRIMEIRA. RÉXIME XURÍDICO E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Este convenio o ter carácter administrativo todas as diferenzas que poidan xurdir entre o Inega e o Consorcio, en relación coas cuestións controvertidas non resoltas no seo da comisión de seguimento, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA





O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2021.

DÉCIMO TERCEIRA. CONCORRENCIA DE FINANCIAMENTO

O importe das cantidades recibidas polo obxecto deste convenio non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administración públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da actividade a desenvolver.

DÉCIMO CARTA. INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedinte para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicación.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

E en proba de conformidade asínase o presente na data e lugar indicados no encabezamento.

